



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17 DE XANEIRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00002189Z.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria e urxente de data 20 de decembro de 2021.
- Extraordinaria e urxente de data 23 de decembro de 2021.
- Ordinaria de data 27 de decembro de 2021.
- Extraordinaria e urxente de data 30 de decembro de 2021, celebrada ás 10:06 horas.
- Extraordinaria e urxente de data 30 de decembro de 2021, celebrada ás 15:12 horas.
- Extraordinaria e urxente de data 31 de decembro de 2021.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00052475R.

Licenza obra maior

Acórdase conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 15/10/2021, cun orzamento de execución material de 28.877,00 €, a reforma de baixocuberta para cambio de uso a vivenda na Rúa Pamplona, en Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1503/2019.

Licenza obra maior

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 31/08/2020 outorgada ante notario, co número de protocolo mil trescentos sesenta e sete. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 10/07/2019 e a documentación presentada o 04/12/2019, o 21/01/2020 e o 03/01/2022, a construción dunha vivenda unifamiliar na Rúa Carballo de Aldrei, en Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de 104.100,00 euros.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00040548B.

Licenza de segregación.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada en Escritura pública de data 11/11/2021 outorgada ante notario co número de protocolo mil quinientos oitenta e catro. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado na data 12/11/2021 e a documentación presentada o 18/11/2021,

o parcelamento da parcela situada no Lg Fornas 40, Polígono 510, Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado:

PARCELA RESULTADO MATRIZ RESULTANTE 1387-A

Superficie Bruta 1.077,50 ms e Superficie Neta 1.060,19 m. Solo Clasificado como Solo de Núcleo Rural Categoría Consolidado, Calificado como Ordenanza 14 de extensión de Núcleo Rural.

PARCELA RESULTADO SEGREGADA 1387-B

Superficie Bruta e Neta 2.417,50 m. Solo Clasificado como Solo de Núcleo Rural Categoría Consolidado. Cualificado como Ordenanza 14 de extensión de Núcleo Rural.

Cesión 17,31m2s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00008605H.

Licenza obra menor

Acórdase conceder a IBIS RESIDENCIAL SLU licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 30/01/2021, cun orzamento de execución material de 492.255,14 €, a finalización da construción dun edificio sito na Rúa Avelino Pousa Antelo, en Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00005851Y.

Licenza obra maior

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 21/11/2021 outorgada ante notario co número de protocolo mil novecentos once.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 03/12/2020, e a documentación presentada o 02 e 05 e 11/11/2021, cun orzamento de execución material de 214.294,78 € , a construción dunha vivenda unifamiliar illada en Lugar do Pedrido, Roxos, Santiago de Compostela (A Coruña).

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00043107V.

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 23/09/2021, cun orzamento de execución material de 10.230,20 €, a construción dunha piscina no Lugar Folgoso, Santiago de Compostela (A Coruña).

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00001886C.

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución, cun orzamento de execución material de 215.000,00 €; a construción dunha vivenda unifamiliar no Lg Sionlla de Arriba, Santiago de Compostela (A Coruña).

9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00018306X.

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 16/04/2021 e a documentación complementaria de data de visado do 24/09/2021, cun orzamento de execución material de 113.770,00€; a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na Rúa Vite de Arriba, Santiago de Compostela (A Coruña).

10. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00037165D.

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 21/07/2021, e a documentación presentada o 24/09/2021, cun orzamento de execución material de 131.993,05 €; a construción dunha vivenda unifamiliar sita no Lugar Marmancou, Santiago de Compostela (A Coruña).

11. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/59/2008.

Revisión de oficio de licenzas de obra e apertura no Lugar da Ponte Sionlla, 2

Acórdase:

Primeiro. Incoar procedemento de declaración de nulidade das licenzas de obras de rehabilitación e apertura concedidas a Julio Brenlla, S.L. no Lugar da Ponte da Sionlla, 2 concedidas pola Xunta de Goberno local con data de 09/06/2010 e 07/12/2018, para destinalo a restaurante e salón de banquetes, pola posible incursión no motivo expresado no artigo 47.1. f) da lei 9/2015.

Segundo: Dar trámite de audiencia aos interesados durante un prazo de dez días, para que presenten documentos ou realicen as alegacións que estimen procedentes.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00017747A.

Autorización da redacción dun proxecto modificado da “Execución das obras de reurbanización da rúa do Hórreo no ámbito fronte á Estación Intermodal”.

Acórdase autorizar a redacción dun proxecto modificado da “Execución das obras de reurbanización da rúa do Hórreo no ámbito fronte á Estación Intermodal”.

14. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: INCLUSIÓN DA RÚA DOUTOR MACEIRA NA ZONA 9 DE RESIDENTES SANTA MARTA.

Aprobación da inclusión da rúa Doutor Maceira, na zona 9 de residentes Santa Marta

Apróbase a inclusión da rúa Doutor Maceira na zona 9 de Residentes de Santa Marta, para que os veciños residente nesta rúa, que cumpran as condicións e requisitos esixibles pola Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo de Aparcamento e Aparcamento de Residentes, poidan dispoñer dun distintivo de aparcamento que lles permita aparcar na zona verde destinada a residentes e que se configurará, segunda proposta que se recolle no informe di técnico de data 12 de xaneiro de 2022 do Servizo de Mobilidade e Seguridade. Para xeral coñecemento o acordo publicarase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello.

15. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2021/00055790G.

Transmisión inter vivos da licenza de taxi número 102.

Acórdase:

1. Autorizar a transmisión da licenza de autotaxi número 102, tendo en conta que, conforme ao disposto no artigo 17.7 da Lei 4/2013, citada, o transmitente, non poderá volver ser titular doutra licenza de taxi neste municipio ata que transcorra un período de cinco anos dende a data de transmisión.

2. Conforme ao disposto no artigo 17.5 da Lei 4/2013, do 30 de maio, citada, a transmisión da licenza estará condicionada na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interubana de taxi ao novo titular, que no prazo dun mes desde a notificación da autorización de transmisión desta última deberá dar inicio efectivo ao exercicio da actividade.

16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00059844X.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento ordinario 67/2019 CA1.

Dase conta da sentenza 385/2021

Obxecto: Contra resolución por devolución de facturas por importe de 477.672,42 euros.

A sentenza é desfavorable ao concello, pois recoñece o dereito da demandante ao cobro de 477.672,42 euros xunto cos intereses legais, pero non cos intereses de demora (artigo 216.4 TRLCSP) xa que o período reclamado non se corresponde coa existencia dun contrato, senón que se trata dunha compensación para evitar un enriquecemento inxusto.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de apelación.
3. Remitila ao Departamento de Centros Socioculturais para os efectos da súa execución.

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00000043G.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PA 198/2021 CA2.

Dase conta da sentenza de 15.12.2021 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela

Obxecto: Decreto do Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán de 2.03.2021, polo que se impón a multa de 300 euros e retirada de 2 puntos do carné por exceso de velocidade.

A sentenza é favorable ao desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto contra a sanción de tráfico. Rexeita as argumentacións da persoa recorrente consistentes en que o Concello debeu aplicar o marxe de erro do 5% previsto na Orde ICT/155/2020, de 7 de febreiro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado de determinados instrumentos de medida. Segundo o criterio do xulgador, de aplicar algún marxe de erro este debería ser o acreditado na verificación do propio radar, isto é, o marxe de – 1,8 km/h.

A sentenza é firme, polo que non cabe interpoñer recurso ordinario ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Departamento de Tráfico para os efectos oportunos.

18. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00000035L.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PA 229/2021 CA2.

Dase conta da sentenza de 15.12.2021 do Xulgado do C-A nº 2 de Santiago de Compostela.

Obxecto: Decreto do Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadá polo que se impón unha multa de 1.000 euros pola comisión dunha infracción moi grave como consecuencia da condución baixo os efectos de estupefacientes (artigo 14 do TRLTSV).

A sentenza é desfavorable aos intereses do Concello ao estimar a demanda na súa integridade. Estima as alegacións da parte demandante e considera que o defecto no título de imputación da infracción —a denuncia mencionaba o consumo de cocaína, mentres que o análise posterior detectou cannabis— debe levar á anulación da sanción.

A sentenza é firme polo que non cabe interpoñer recurso ordinario ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Departamento de Tráfico para os efectos da súa execución.

19. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00002189Z.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 7 ao 13 de xaneiro de 2022.

URXENCIAS

20. Consulta preliminar do mercado relativa á contratación da xestión do ciclo integral da auga do Concello de Santiago de Compostela

Acórdase:

Primeiro: Convocar unha consulta preliminar de mercado orientada a preparar o futuro contrato de xestión do ciclo integral da auga de Santiago de Compostela con arreglo as bases que se chegan a esta proposta.

Segundo: Publicar o acordo desta Xunta de Goberno na Plataforma de Contratación do Estado.